



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 05 DE MAIO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00020830L.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 21 de abril de 2023.
- Ordinaria de data 24 de abril de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 25 de abril de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00048920F.

Modificar os prazos xenéricos establecidos na licenza concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 13/02/2023, para o inicio e remate das obras de mellora de accesibilidade de edificio de vivendas na Rúa de Romero Donallo 43-45.

Acórdase modificar os prazos xenéricos establecidos na licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/02/2023 para o inicio e remate das obras de mellora de accesibilidade de edificio de vivendas na Rúa de Romero Donallo 43-45 (seis meses e tres anos respectivamente) por outros prazos específicos de 15 días para o inicio das obras e dous meses para a súa finalización, a contar a partir da recepción da notificación a fin e garantir a realización das obras de accesibilidade no menor prazo posible.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00017681W.

Legalización de soto e construción de escaleiras no inmovible sito na rúa Tras Costa de Santa Isabel,4.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado o 08/04/2022 e a documentación presentada o 23/09/2022, cun orzamento de execución material de 7.230,61 €, a legalización de soto e construción escaleiras na Rúa Tras da Costa de Sta Isabel num 4, Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00049498X.

Licenza de obras de reforma de edificación sita na Avda. Rodrigo de Padrón, 3.

Acórdase CONCEDER a DIRECCIÓN GENERAL DE POLICÍA licenza de OBRAS DE REFORMA de edificación sita na AVENIDA RODRIGO DE PADRÓN, 3, segundo Proxecto técnico con selo de rexistro de 07/11/2022 e anexo con data de rexistro de 27/02/2023, cun orzamento de execución material de 616.765,21 €.

As actuacións consistirán nas obras de rehabilitación da edificación anexa á Comisaría cunha superficie en planta de 293,10 m², superficie total edificada de 968,49 m² distribuídos en planta baixa e tres plantas altas.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza de equipamentos e dotacións do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00042684G.

Aceptar cesión de viario e licenza para o parcelamento da finca sita no LG Albuciño, 4.

Acórdase: Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 14/02/2023 outorgada ante Notario co número de protocolo 63. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento de data de visado do 01.08.2022, o parcelamento da finca sita en LG. Albuciño, 4 San Xoan de Fecha – Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con Referencia Catastral 6061617NH3566A, nas seguintes parcelas de resultado.

- Parcela RESULTADO FINCA MATRIZ. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como. Ordenanza 13. De núcleos rurais e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.
- Parcela RESULTADO. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.

Cesión 156+143m2s= 299m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00045322R.

Licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Sucasas, 8.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 21/09/2021 e a documentación presentada o 03/05/2022 e o 21/04/2023, cu orzamento de execución material de 205.355,68 €, a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Sucasas, 8 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2023/00000297X.

Posta a disposición de terreos á Consellería de Mobilidade.

Tendo en conta o sinalado en canto á prevalencia do proxecto considerado de interese xeral sobre o planeamento municipal , e visto o que antecede, acórdase:

PÓR A DISPOSICIÓN da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia temporalmente os terreos de titularidade municipal necesarios para e durante a execución do Proxecto de Trazado do Eixe de Mobilidade Sustentable en Santiago de Compostela , treitos Milladoiro- Estación Intermodal; Acceso e Estación intermodal –San Caetano.

A execución das obras inclúe a reposición dos servizos afectados, independentemente da súa titularidade.

Rematadas as obras formalizaráse Acta de Devolución dos terreos e entrega das obras asinada por ambas as administracións, previo informe técnico favorable municipal.

Na Acta asinada coa conformidade do Concello de Santiago farase constar que o mantemento e conservación da infraestrutura asumirase sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra asinado coa Consellería e que esta debe esixir a requirimento deste Concello, das da AXI e as responsabilidades da mesma Consellería como promotora da obra e coas condicións que , no seu caso, este Concello faga constar na Acta de Recepción.

8. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/6/2021.

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno de aprobación do proxecto de “Rede Itinerarios Sostibles para a Redución da Pegada de Carbono (Fase I- Entorno Intermodal)”.

Acórdase corrixir dita errata no acordo de aprobación do proxecto de “Rede Itinerarios Sostibles para a Redución da Pegada de Carbono (Fase I- Entorno Intermodal)”, quedando o cadro da seguinte maneira:

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 213.569,96 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 254.148,25 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. 307.519,38 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

9. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/89/2022.

Aprobación do proxecto de Mellora da accesibilidade ao barrio de Pontepedriña.

Aprobase o proxecto de Mellora da accesibilidade ao barrio de Pontepedriña elaborado polo estudio de enxeñería MECANISMO coas seguintes condicións:

- Antes do inicio das obras debe acreditarse a autorización de AUGAS DE GALICIA.

-ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 109.783,87 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 130.642,80 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **158.077,79 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 3 meses.

- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Dacordo co establecido na Lei 9/2017 da “Lei de Contratos do Sector Público” e no RD 1098/2001 “Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas”, non é preceptiva a esixencia de clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €, podendo acreditar a solvencia técnica mediante o cumprimento dos requisitos que se establezan no procedemento de licitación.

Tendo en conta a especialidade da actuación, propónse establecer como supletoria a seguinte clasificación:

B-4 (Pontes, viadutos e grandes infraestruturas – Pontes metálicos) categoría 1

O ámbito de actuación se corresponde co barrio de Pontepedriña. A operación suporá a xeración dun itinerario peonil interno de relación do barrio e colindantes coa cidade mediante a habilitación dun ámbito de paso sobre o río que permita esta circulación. O obxectivo fundamental pretendido é a posta en valor do barrio/entorno urbano de Pontepedriña, mediante actuacións de revitalización do espazo público cos seguintes criterios xerais:

- Mellora integral da contorna, mediante a mellora da accesibilidade ao barrio creando percorridos que conecten o barrio co tecido urbano lindeiro.

- Xeración e mellora de espazos estanciais.

A modo de resumo, propónse a conexión entre esta zona e a cidade mediante a formalización de dous pasos a través do río, cos seguintes criterios de actuación:

- Materiais, pavimentación e xardiñamento con criterios de sostibilidade (mínima intervención e mantemento).

- Eliminación de barreiras para asegurar a accesibilidade para todas as persoas. A solución adoptada formalízase mediante estruturas metálicas de vigas simples apoiadas sobre estribos nos extremos do cauce, solución análoga ás outras pasarelas xa existentes no mesmo cauce. A proposta suporá a execución dos seguintes traballos:

- Demolicións e movementos de terras

- Reposicións/Desvíos instalacións

- Cimentacións

- Estruturas

- Acabados

10. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/20/2021.

Aprobación do proxecto de execución de “Recuperación do Campus Sur para o cidadán” do estudio de arquitectura SALGADO E LIÑARES SLP.

APRÓBASE o proxecto básico e de execución de “Recuperación do Campus Sur para o cidadán” do estudio de arquitectura SALGADO E LIÑARES SLP. coas seguintes condicións:

- Efectuarase un control arqueolóxico durante a execución das obras.

ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 244.878,76 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 291.405,74 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **352.600,95 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 4 meses.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co establecido na Lei 9/2017 da “Lei de Contratos do Sector Público” e no RD 1098/2001 “Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas”, non é preceptiva a existencia de clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €, podendo acreditar a solvencia técnica mediante o cumprimento dos requisitos que se establezan no procedemento de licitación.

O proxecto establece con carácter xenérico a seguinte clasificación:

G-6 (Viais e pistas – Obras vias sen cualificación específica)

Tendo en conta a especial protección do ámbito de actuación e que as partida mais importantes se corresponden coa execución de firmes de formigón, propónse establecer no prego como supletoria a seguinte clasificación:

G-3 (Viales y pistas – Con firmes de formigón) categoría 2.

O ámbito de actuación céntrase na zona denominada “Conxunto da Residencia Universitaria”, espazo especialmente protexido, incluído dentro do Catálogo de Bens Culturais, Naturais e Paisaxísticos (Catálogo da “Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal” e posteriormente recollido dentro do Catálogo do “Plan Especial de Ordenación do Campus Universitario PE-8”) e parte polo tanto do Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural da cidade de Santiago de Compostela.

Trátase dunha peza situada á entrada da cidade histórica e nexo de unión entre os Camiños de Santiago de Fisterra e Ruta da Prata. Esta situación privilexiada, a menos dun quilómetro tanto da Praza do Obradoiro, centro da “améndoa” histórica, como do “Ensanche” de Santiago e as entradas dos Camiños, unido ao seu especial interese patrimonial histórico artístico, a dotan dn gran potencial turístico e de sinerxia coa cidade histórica.

3.- O obxectivo fundamental pretendido é revitalizar e rehabilitar o conxunto patrimonial, de valor histórico-artístico na cidade, así como contribuír á consolidación da presenza do Campus na cidade.

Os criterios de actuación establecidos foron os seguintes:

- Desenvolver novas fórmulas de organización dos espazos, optimizándoos e reutilizándoos, mellorando as condicións xerais de urbanización, con criterios de sostibilidade.

- Mellorar a mobilidade e accesibilidade, aumentando os espazos peonís e reorganizando o acceso de vehículos e aparcadoiros.

Deste xeito, levarase a cabo unha revitalización e rehabilitación do conxunto patrimonial en cuestión, coas seguintes actuacións principais:

- Peatonalización da zona central da Residencia de estudantes.

- Reordenación de usos con preferencia para os percorridos peonís con especial interés na xeración de espazos de calidade tanto para eles mesmos como para os elementos construídos, como conxunto patrimonial indisoluble. Deste modo proporanse mellores relacións visuais e de accesibilidade entre os elementos que o conforman.

- Reurbanización con novos materiais acordes ao especial interese patrimonial do entorno e con criterios de sostibilidade.

- Reordenación con mantemento e renovación de xardíns e especies vexetais, con criterios de sostibilidade.

- Adaptación do espazo público para lograr as mellores condicións de accesibilidade posibles compatibles coa protección patrimonial.

4.- Na memoria descríbese amplamente a actuación. De xeito resumido, propón as seguintes actuacións xerais:

- Peonización da zona central da Residencia

- Reordenación de usos con preferencia para os percorridos peonís

- Mellora das relacións visuais e de accesibilidade entre os distintos elementos

- Reurbanización con materiais acordes ás preexistencias

- Reordenación dos xardíns, con mantemento e renovación parcial de especies vexetais

E de xeito mais pormenorizado:

- A Avenida da Coruña muda o seu carácter, pois transfórmase en parte nunha plataforma compartida, para propiciar a continuidade entre a Alameda e a Residencia de Estudantes

- O pavimento de formigón no primeiro tramo entre a Alameda e o estanque deixa paso a unha superficie vexetal que se integra co resto e axuda a mudar este carácter.

- Mantense en todo caso dentro de esta continuidade vexetal o eixo principal da Residencia coa continuidade dos percorridos peonís e o mantemento e replantación de vexetación seguindo o mesmo.

- Mantemento da imaxe da pavimentación da Residencia, reinterpretando o acabado das lousas actuais mediante un novo pavimento de formigón lavado que reproducirá o seu aspecto tanto en cor como en granulometría. Canto aos pavimentos actuais, no caso das beirarrúas de baldosa, manteranse con reposicións puntuais de elementos rotos (con baldosas obtidas de zonas nas que se procede ao seu levantamento para formalización con formigón lavado) e no caso do formigón de calzada, utilizarase como base dos novos pavimentos de formigón lavado e das novas zonas vexetais, con perforacións puntuais para permitir o drenaxe.

En canto ás infraestruturas, o proxecto contempla a revisión da evacuación de augas, propoñendo na medida do posible o drenaxe natural a través das zonas verdes e/ou xuntas do pavimento e reforzando puntualmente a actual rede de sumidoiros.

Asemade, propónse, en liña co solicitado pola Comisión Asesora e a USC, a renovación de instalacións soterradas de alumado naquelas zonas nas que se renovan pavimentos para evitar ter que volver a romper no futuro. No resto de redes prevense reposicións puntuais en función do estado real que se observe no momento de execución.

5.- A proposta de reurbanización suporá a execución dos seguintes traballos:

- Demolicións e movementos de terras
- Reposicións instalacións
- Pavimentacións
- Axardinamento e plantacións

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028748X.

Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares asinado o día 28/04/2023 do expediente de contratación xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa.

Apróbase a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato da xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela, que queda redactado segundo os termos do PCAP asinado o 28/04/2023.

12. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00020454B.

Suplemento de crédito 2023-SUPLE-03 para dar cobertura a necesidades de persoal por importe de 2.803.055,33€.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar o expediente de suplemento de crédito nº 2023-SUPLE-03 para a atención de gastos imprescindibles nesta anualidade en materia de Persoal por un importe total de DOUS MILLÓNS OITOCENTROS TRES MIL CINCUENTA E CINCO EUROS E TRINTA E TRES CÉNTIMOS (2.803.055,33 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2022.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito n.º 2023-SUPLE-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito n.º 2023-SUPLE-03, se contra él non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

QUINTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de suplemento de crédito 2023-SUPLE-03 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

13. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00019601D.

Crédito extraordinario 2023-CREXT-03 para o pagamento de sentenzas, por importe de 735.008,41 €.

Acórdase, para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2023-CREXT-03_I por importe de CINCOCENTOS SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS (507.266,00 EUROS) para atender para atender ao pagamento da sentenza 335/2021 por revisión de prezo do contrato con Viaqua gestión integral de augas SAU entre os anos 2012 e 2018, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2022.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2023-CREXT-03_II por importe de DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL SETECENTOS CORENTA E DOUS EUROS E CORENTA E UN CÉNTIMOS (227.742,41 EUROS) para atender aos pagamentos dos xuros derivados da aplicación das tarifas aprobadas en execución da sentenza PO/571/2013 á empresa MONFOBUS, SL, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2022.

TERCEIRO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

CUARTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2023-CREXT-03 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

14. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00019732W.

Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02 por importe de 2.073.336,93 €, financiado co RLTX 2022, para atender o saldo de OPAS, o saldo de PPA e o saldo de pagos efectuados mediante adeudo directo en contas bancarias de titularidade municipal.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-02 por importe de DOUS MILLÓNS SETENTA E TRES MIL TRESCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (2.073.336,93 EUROS), financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2022, que posibilita a habilitación do crédito necesario para saldar a totalidade de OPAS do ano 2022 que non contan con outro recurso financeiro para a súa aprobación e imputación orzamentaria neste exercicio económico, para saldar a totalidade dos pagos pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2022 rexistrados na conta 40001 e para saldar a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante os anos 2021 e 2022.

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-02 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-02, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación

aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00036875Z.

Convalidación da omisión da función interventora, recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das “Bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares do mes de xaneiro e febreiro do 2023 do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023” e do seu pagamento.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e aprobación de xustificacións das *bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares do mes de xaneiro e febreiro do 2023, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento*, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 480010100/2023.

1).- BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR:

- Xaneiro: 42.062,50 euros
- Febreiro: 42.060,00 euros.

2).- BOLSAS DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

- Xaneiro: 11.254,50 euros.
- Febreiro: 11.132,00 euros

16. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00009490L.

Adxudicación dunha autorización para o exercicio da venda ambulante de artesanía na vía pública consonte as Bases aprobadas na sesión de 27.2. 2023.

Acórdase:

1.-Adxudicar a B. A. G. unha autorización para o exercicio da venda ambulante de artesanía na vía pública consonte ao establecido na bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 27 de febreiro de 2023.

2.- De conformidade co establecido nas bases, a adxudicación realízase a favor dos seleccionados que cumplan os requisitos, condicionada á presentación do xustificante do pago da taxa municipal no prazo de 15 días hábiles.

3.- Tal e como establecen as bases, establecerase un sistema de rotacións nas diferentes ubicacións. A asignación inicial de postos (dado que a partires da primeira semana iníciase a rotación) realizarase en función da puntuación obtida e a orde de prelación escollida.

17. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Proposta ampliación zona 5 residentes, rúa Xasmíns.

Aprobación da ampliación da zona de residentes nº 5 Ultreia, para a rúa Xasmíns.

Apróbase a ampliación da zona de residentes nº 5 Ultreia incluíndo na mesma a rúa Xasmíns que supón unha modificación do seu estacionamento en horario nocturno, consistente en dividir a rúa en dous tramos, o primeiro tramo, dende a avenida de Coimbra ata o paso de peóns do colexio López Ferreiro, 17 prazas, quedará reservado para a zona 5 de Ultreia, e un segundo tramo, 10 prazas, que seguirá reservado ó aparcamento do Casco Histórico como ata o de agora.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00040838K.

Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PA 288/2021 ca1.

Dase conta da Sentenza nº 322/2022. PA 288/2021 CA1

Obxecto: dilixencia de constrinximento por falta de pago de IBI.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

A sentenza acolle o primeiro argumento da defensa municipal: a non admisión do recurso contencioso por non esgotar a vía administrativa previa a través do recurso de reposición do art. 14.2 TRLRFL.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería – Recadación para o seu coñecemento.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00020233C.

Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PA 133/2020 ca1.

Dase conta da Sentenza 21/2023 do 31.03.2023. Procedemento: Procedemento Abreviado 133/2020 do Xulgado contencioso administrativo nº 1

Obxecto: Contra decreto do 3.1.2020 que desestima recurso de reposición fronte a outro anterior que denegou instalación de monitores en interior de local expediente LIC/1996/201

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais pois estima o recurso. Considera que os monitores instalados pola demandante no interior do local dirixidos ao exterior non constitúen rótulo ou anuncio en planta alta, xa que se sitúan en planta baixa.

Conclúe recoñecendo o dereito á utilización das pantallas móbiles no interior do local para emitir contidos que respecten e cumpran as esixencias do artigo 51 do PE 1.

Contra dita sentenza non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de urbanismo-licenzas para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo, nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00020258E.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento AP 4023/2023 TSX.

Dase conta da Sentenza nº 162/2023 do 14.04.2023. Procedemento: RAP 4023/2023 do TSXG sección 2ª

Obxecto: Contra Auto 93/2022 do 30.06.2022 do Xulgado contencioso Administrativo 1 ditado na PSS 150/2022 001 do 30.06.2022

Pretensión: Revocación da condeá en custas contida no Auto apelado.

A sentenza é favorable aos intereses municipais. A sala estima que a carenza sobrevida de obxecto era coñecida pola apelante que mantivo a súa pretensión cautelar, cando era evidente que esta xa carecía de fundamento, o que xustifica a imposición das custas procesuais.

Contra dita sentenza cabe Recurso de casación perante á Sala 3ª do TS o perante a Sala correspondente do TSXG sempre que se acredite interese casacional.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de urbanismo-licenzas para os efectos do seu coñecemento.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00020830L.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 21 ao 27 de abril de 2023

URXENCIAS

22. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00021013H

Préstamo temporal dunha peza (muíño de man) ao Concello de Ames para a súa exhibición na “I Feira do Pan e do Cereal”.

Acórdase:

Primeiro. Autorizar o préstamo temporal, a favor do Concello de Ames do muíño de man depositado no Museo do Pobo Galego e que está rexistrado co número 2.641 nese museo.

A cesión temporal da peza suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

☐ O ben cedido unicamente se poderán destinar á súa exhibición na mostra “I Feira do Pan de do Cereal”. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.

☐ O préstamo temporal comprende desde o 4 ao 9 de maio de 2023. A prórroga deste período require de autorización municipal.

☐ O Concello de Ames garantirá a adecuada conservación do ben cedido e será responsable da súa seguridade e vixilancia, así como dos danos e menoscabos que poida sufrir por calquera causa mentres estea na súa posesión.

Todos os aspectos loxísticos e de seguridade adecuaranse ao código deontolóxico do ICOM.

☐ O Concello de Ames asegurará o ben cedido durante o período de vixencia do préstamo temporal.

☐ Na mostra e, no seu caso, no catálogo da mostra, arase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela, do seguinte xeito:

☐ Muíño de man: Concello de Santiago. Depositado no Museo do Pobo Galego.

☐ Unha vez rematada a mostra para a que se cede, o ben será devolto ao seu depósito no mesmo estado no que foi entregado.

De aprezarse algunha incidencia, de calquera natureza, no ben farase constar nun informe.

Segundo. Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.